



CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 10 de setembro de 2024, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos Consellos Escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, realizarase en breve neste Centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que, como é sabido, constitúe o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar correrá a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e que estará integrada por:

- A Directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos.

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido nas disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o próximo **día 18 de outubro, ás 10:00 horas**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar as súas candidaturas para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figuren nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

O Temple, 10 de outubro de 2024.



A DIRECTORA DO CENTRO,

Asno: M. José Portero Sotelo